

A ÁREA SANITARIA DE FERROL DA A BENVIDA AOS ESTUDANTES DE ENFERMARÍA.

Ferrol, 26 de setembro 2022.- A Área Sanitaria de Ferrol súmase un ano máis á benvinda a 54 alumnos-as de Grao de Enfermería, 17 de ciclo medio de Técnicos en Coidados Auxiliares de Enfermería, 2 de ciclo superior Técnicos Superiores en Laboratorio Clínico e Biomédico, e 1 de ciclo de Documentación y Administración Sanitaria que se formarán nas distintas unidades e servizos do CHUF.

Con motivo da benvinda desta nova promoción de estudantes, o xerente da Área Sanitaria de Ferrol Ángel Facio Villanueva, sulíñou a importancia que para os centros sanitarios supón a presenza de novos estudantes que son un estímulo para as persoas que integran a institución xa que as obriga a manterse permanentemente actualizadas e constitúe a mellor das maneiras de transmitir tanto coñecemento como experiencias profesionais no ánimo de seguir formando aos futuros profesionais da saúde.

O xerente sulíñou ademais que na Área Sanitaria de Ferrol atoparán a persoas con coñecemento, e sobre todo con ganas e ilusión de que estes futuros profesionais poidan adquirir coñecementos, competencias e habilidades que lle axudarán na súa tarefa diaria.

Así mesmo, o xerente, trala recente celebración da I Xornada de Innovación en Saúde animou aos estudantes a facerse continuamente preguntas que axuden na busca de solucións a problemas cos que se atopen no ánimo de buscar a mellora na calidade asistencial.

No acto de benvinda tamén estiveron presentes o Xefe de Estudos da Unidade de Docencia da Área Sanitaria de Ferrol, Ramón López de los Reyes, a Decana da Facultade de Enfermería e Podoloxía Emma Rodríguez Maseda, a Directora de Procesos de Soporte da Área Sanitaria de Ferrol Amparo Fondevila López, e a Directora do IES de Leixa Ana M^a Roel Ares.

Posteriormente o xefe de estudos demostrou o vídeo promocional de formación e docencia desta área, e a continuación a supervisora de Formación Continuada, Marisa Fraga Sampedro e a coordinadora de Técnicos de Coidados Auxiliares de Enfermería, Angélica Mosconi Domínguez, encargábanse de darlles recomendacións previamente ao inicio das prácticas, xunto con diferentes profesionais que coordinarán a súa formación.

No acto de benvinda, as claves foron recordar que o importante é o paciente, a responsabilidade que iso leva consigo; e lembrar que o secreto profesional e a

confidencialidade non son só unha cuestión ética, senón regulada por lei. Adiantáronlles consellos prácticos no día a día, e invitáronos a manter unha continua formación e unha relación estreita tanto co paciente como cos profesionais doutras categorías. Sinalaron tamén a importancia de estar identificado; da actitude como elemento clave; de familiarizarse cos espazos e os profesionais; da protección dos datos de carácter persoal e da confidencialidade; e de garantir o dereito e, a dignidade e a intimidade do paciente.

Ao final da xornada o enfermeiro Antonio González Pena do servizo de Medicina Preventiva explicou ao alumnado presente, entre outras cuestións, da importante da hixiene e lavado de mans.

Área Sanitaria de Ferrol